



Situación da fe e a cultura en Galicia: a procura das brasas

Santiago González Avión¹



A situación da fe en Galicia mudou radicalmente durante os derradeiros cincuenta anos. Pasou dunha situación na que o que o cristianismo non só era a relixión oficial, senón que formaba parte da cultura de Galicia como un compoñente *esencial* e indiscutíbel (e mesmo formaba parte da vida diaria da inmensa maioría das persoas que vivían no país), a situación de cristiandade, a unha situación de fonda secularización na que a fe apenas ocupa espazos públicos, non integra a vida cotiá da maioría social e constitúe un tenue referente cultural máis orientado ao pasado identitario que ao futuro vital do país.

Pretendo mostrar os procesos que considero máis relevantes para explicar o cambio, rápido e fondo, facer un balance dos elementos de transmisión na fe e de socialización, e presentar unha perspectiva dos elementos que poden (conforme á miña opinión) axudar a procurar un futuro para a fe cristiá e para as súas formas de expresión vital e cultural, ofrecendo elementos de análise relacionadas cos procesos sociais, para abrir unha porta á esperanza.

Parto da base de que a relixión é unha construción social que pode ser analizada como tal produto social. Este convencemento é moi diferente daqueloutro que analiza a relixión como un fenómeno puramente individual. Emile Durkheim afirma que «o relixioso é o social». O meu punto de vista entronca co enfoque de Durkheim, non porque pretenda desprezar a dimensión individual

¹ Santiago González Avión é sociólogo e membro do Consello de Encrucillada. Director da Asociación Diversidades.